

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Orde do 28 de marzo de 2011 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cenlle (Ourense).*

O Concello de Cenlle remite o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal en solicitude da súa aprobación definitiva, conforme o artigo 85°.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

### I. Antecedentes.

I.1. Mediante Orde do 23 de abril de 2010 pasado, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas acordou, de conformidade co artigo 85°.5.a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, non outorgar a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cenlle, instando o concello a realizar as modificacións necesarias para emendar as deficiencias sinaladas no corpo da propia orde; e a remitir novamente á CMATI o documento corrixido para o efecto, para a súa aprobación definitiva.

I.2. Redactado o documento corrixido solicitado, foi sometido ao informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais, constando a súa emisión con data do 25 de novembro de 2010.

I.3. O Pleno do Concello de Cenlle en sesión do 30-11-2010, aprobou provisionalmente as modificacións introducidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

I.4. O concello remite a esta consellería exemplar coas modificacións introducidas no PXOM, para resolver sobre a súa aprobación definitiva, tendo entrada no rexistro con data do 14-2-2011.

### II. Análise e consideracións.

Analizada a documentación remitida polo concello, e vista a proposta literal que nesta mesma data eleva a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, púdose comprobar que o Plan Xeral de Ordenación Municipal modificado do Concello de Cenlle, aprobado provisionalmente polo Concello Pleno en sesión do 30-11-2010, que agora se somete á aprobación definitiva, dá cumprimento en xeral ás observacións formuladas na anterior orde desta CMATI con data do 26 de abril de 2010.

Cumprindo, en todo caso, deixar constancia expresa de que se procederá a sinalar sobre:

-Planos nº 5 e 7 de Clasificación e Clases de Solo. Estrutura Xeral do Territorio.

-Planos nº 1 (Núcleo de Barbantes); e nº 9 (Núcleo de Laias) de Ordenación. Delimitación de Núcleo Rural.

As liñas límite de edificación correspondentes, respecto da afección de:

a) Estrada N-120, na área de expansión do núcleo rural de Barbantes (distancia de 25 m medida desde

a aresta exterior de explanación, agás que se xustifique a redución da referida distancia conforme o establecido no artigo 25°.2 da Lei 25/1988, de estradas).

b) Liña férrea, nas áreas de expansión dos núcleos rurais de Barbantes e Laias (distancia de 50 m medida desde a aresta exterior da plataforma, agás que se xustifique a redución da referida distancia conforme o establecido no artigo 16° da Lei 39/2003, do sector ferroviario).

Ao abeiro do establecido no artigo 89° da LOUG, e no artigo 3° do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal lle corresponde ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

### III. Resolución.

Visto o que antecede,

#### RESOLVO:

1° Outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cenlle, de acordo co punto 7.a) do artigo 85° da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, nos termos sinalados no punto II desta orde.

2° De conformidade co disposto polos artigos 92° da Lei 9/2002 e 70° da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas do plan xeral aprobado definitivamente.

3° Notifíquese esta orde ao concello; e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10° e 46° da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2011.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 16 de marzo de 2011 pola que se regula a extinción das ensinanzas de bacharelato en varios centros integrados de formación profesional.*

O Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os centros integrados de formación profe-

sional na Comunidade Autónoma de Galicia, ten por obxecto a regulación destes centros no marco do artigo 11º.4 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e no disposto no Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional.

O devandito decreto, no seu artigo 2º, establece que terán a consideración de centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia aqueles que ofrezan e impartan formación profesional inicial ou regrada e formación para o emprego. A súa oferta formativa estará dirixida a colectivos destinatarios dos dous subsistemas indistintamente e estará referida ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais. Mentres non se desenvolva o referido Catálogo nacional de cualificacións profesionais, a oferta formativa dos centros integrados de formación profesional terá como base os ciclos formativos e os certificados de profesionalidade vixentes, sen prexuízo de poderen ofrecer, con carácter experimental, outras actividades relacionadas coas cualificacións de marcado carácter estratéxico para a economía galega.

Tamén no punto 1 a) do artigo 6º do Decreto 266/2007 se establece que será función básica dos centros integrados de formación profesional impartir a oferta formativa da familia ou da área profesional que teñan autorizada de formación profesional inicial, formación para o emprego e doutras ofertas formativas, referida ao Catálogo nacional das cualificacións profesionais e que conduza a títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade que dean resposta ás demandas das persoas e do contorno produtivo.

Xa que logo, analizada a oferta formativa dos centros integrados de formación profesional do sistema educativo de Galicia, cómpre a extinción das ensinanzas de bacharelato dos centros integrados CIFP A Farixa, de Ourense, e CIFP Valentín Paz Andrade, de Vigo.

Na súa virtude, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

#### DISPOÑO:

Primeiro.-Nos centros integrados de formación profesional CIFP A Farixa, de Ourense, e CIFP Valentín Paz Andrade, de Vigo, deixarán de impartirse as ensinanzas de bacharelato a partir do próximo curso académico 2011-2012.

Segundo.-Os/As funcionarios e funcionarias docentes dos corpos de catedráticos/as e de profesores/as de ensino secundario das especialidades comprendidas entre os códigos 001 e 061, con destino definitivo nalgún centro relacionado no punto primeiro, quedarán en situación de profesorado desprazado por falta de horario.

Terceiro.-Esta orde entrará en vigor o 1 de setembro de 2011.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2011.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se resolve a integración da biblioteca da Asociación de Veciños O Árbol (Tomiño) na Rede de Bibliotecas de Galicia.*

Vista a proposta do director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, de conformidade co establecido no artigo 38º do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas

#### RESOLVO:

Primeiro.-Integrar na Rede de Bibliotecas de Galicia a biblioteca da *Asociación de Veciños O Árbol* (Tomiño).

Segundo.-A resolución favorable de integración estará condicionada á sinatura dun convenio onde se recolla a obriga por parte do centro bibliotecario de prestar un servizo público que deberá axustarse ao estipulado no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, e que poderá responder nos restantes termos ás especiais características de cada tipo de centros.

Terceiro.-O prazo de sinatura deste convenio non deberá ser superior aos tres meses. De non cumprirse este prazo, deixarase sen efecto a posible resolución favorable e suporá o arquivo definitivo da solitude.

Cuarto.-O posterior incumprimento do devandito convenio poderá ser motivo de exclusión temporal ou definitiva do centro bibliotecario de que se trate da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2011.

Roberto Varela Fariña  
Conselleiro de Cultura e Turismo

*Orde do 4 de marzo de 2011 pola que se resolve a integración da Biblioteca Pública Municipal de Ares na Rede de Bibliotecas de Galicia.*

Vista a proposta do director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, de conformidade co establecido no artigo 38º do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas,

#### RESOLVO:

Primeiro.-Integrar na Rede de Bibliotecas de Galicia a Biblioteca Pública Municipal de Ares.

Segundo.-A resolución favorable de integración estará condicionada á sinatura dun convenio onde se recolla a obriga por parte do centro bibliotecario de prestar un servizo público que deberá axustarse ao estipulado no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, e